

1997



“Sin saber cómo nin cómo non, atopeime en Vigo, nunha das súas rúas máis céntricas, qui é a de Colón. O teimar de pasar prá acera onde está o periódico *Faro de Vigo*, sentín que algo se me atravesaba no camiño; din un traspés e enfu-ciñei no chan. Non vin nada. Mais a sensación era de como si se me atravesara unha corda. Mais unha corda tampouco é verdade. Porque o que sentín ñas canelas era mol, tépedo i amorosiño como a peí dos gatos. Pensei vagamente no rabo do Demo...”

“De como me atopei co demo en Vigo”,
Contos da néboa (1973)

“Ánxel Fole é unha das figuras literarias máis representativas da nosa xeración. Os seus volumes de contos *Á lús do candil* e *Terra brava* constitúen unha rexa proba do seu talento creador, tanto como das mañíficas posibilidades que a prosa galega amosa no terreo da narración.”

“Conversa sobre Galicia co autor de *Terra brava*”, *Galicia Emigrante*, núm. 29, Salvador de Lorenzana

ÁNXEL FOLE

(Lugo, 1907 – 1986)

Foi un escritor e xornalista galego. Cursou Dereito nas universidades de Valladolid e Santiago de Compostela, mais abandonou os estudos e comezou a súa longa andaina xornalística en 1927 cun artigo en *La Provincia*. Foi colaborador de diversos medios coma *Nós*, *El Progreso*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *A Nosa Terra* ou *Galicia Emigrante*. Tamén fundou revistas de vangarda coma *Yunque*. En 1963 pasou a formar parte da Real Academia Galega.

GRANDES ÉXITOS



1953

Á lús do candil. Contos a carón do lume (1953) é un libro de contos baseado na tradición oral con diferentes temáticas: o medo, o humor e o metafísico. Publicouno a Editorial Galaxia e o prólogo é de Francisco Fernández del Riego.

Terra Brava. Contos da solaina (1955) é unha colección de contos influenciados pola estancia do autor no Courel. En *Terra brava* o narrador atopa unha carpeta que se converte nunha desculpa para poder contar a historia.



1955

Outras das súas obras son *Contos da néboa* (1972), *Historias que ninguén cre* (1981) e *Pauto do demo* (1958).

